



BANDO

A **escaseza de choivas durante os últimos meses** complicaron o verán en canto a reservas de auga e xa hai núcleos rurais, como por exemplo este, **que empezan a ter problemas no abastecemento.**

É por iso que para aliviar a situación **faise necesario que todos e todas tomemos consciencia do problema e fagamos un consumo de auga responsable**, polo que vos pedimos un novo esforzo de colaboración para conseguir manter as reservas o máximo tempo posible, mantendo os niveis adecuados de auga nos depósitos de abastecemento.

Por este motivo, deberánse seguir as seguintes medidas:

- 1- **Só se poderá facer uso da auga de abastecemento para destinala ao consumo doméstico**, polo que con ela non se deberá:
 - . Encher piscinas, elementos semellantes ou depósitos
 - . Regar hortas e explotacións agrícolas
 - . Lavar vehículos ou patios
- 2- **Vixiaranse as perdas na rede de abastecemento**
- 3- **Controlaranse os consumos domésticos** para que non haxa abusos e así evitar derroches que perxudiquen ao normal abastecemento.

Facemos este chamamento aos veciños e veciñas e tamén aos habitantes non empadroados que veñen a desfrutar das súas vivendas neste periodo estival para que tomen conciencia da necesidade de realizar un consumo racional, axustado e solidario da auga.

Grazas pola vosa colaboración

O alcalde en funcións (decreto 889/2022 de 06/07/2022)
Aurentino Alonso Araújo

